BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Xoves, 9 de xuño de 2022
Núm. 110

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA "VILA DO CORPUS"

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA "VILA DO CORPUS"

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria levada a cabo o 28 de setembro de 2021, acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo da escola municipal de música "Vila do Corpus"

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 196, do 11 de outubro de 2021, publicouse o anuncio da aprobación inicial, sometendo o expediente a un período de información pública e audiencia, por prazo de trinta días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación para a presentación de reclamacións e suxestións.

De conformidade co artigo 17.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) ao non terse presentado alegación ou reclamación algunha, enténdese aprobada definitivamente a modificación da ordenanza.

Publícase o texto íntegro da modificación, coa seguinte redacción:

Artigo 3º —O Prezo Público pola utilización deste servizo, excepto o correspondente aos gastos de matrícula por ser único, exprésase por períodos mensuais e esixirase conforme á seguinte tarifa:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:CINZO2ZCVABB74AT

ESCOLA DE MÚSICA						
Concepto	Tarifa xeral		Familia numerosa xeral en vigor		Familia numerosa especial en vigor	
	Matrícula	Cota mensual	Matrícula	Cota mensual	Matrícula	Cota mensual
Preparatorio 1	41,04 €	12,96 €	20,52 €	6,48 €	0,00 €	0,00 €
Preparatorio 2	51,30 €	18,68 €	25,65 €	9,34 €	0,00 €	0,00 €
Nivel elemental (1º e 2º)	61,56 €	26,69 €	30,78 €	13,34 €	0,00 €	0,00 €
Nivel elemental (3º e 4º)	61,56 €	53,37 €	30,78 €	26,69 €	0,00 €	0,00 €
Nivel intermedio (5º e 6º)	61,56 €	58,71 €	30,78 €	29,36 €	0,00 €	0,00 €
Curso de música para adultos	61,56 €	44,10 €	30,78 €	22,05 €	0,00 €	0,00 €
Só instrumento	61,56 €	31,14 €	30,78 €	15,57 €	0,00 €	0,00 €
Segunda especialidade	30,78 €	31,14 €	15,39 €	15,57 €	0,00 €	0,00 €
Cota mensual por préstamo de instrumento	12,00 €					

A entrada en vigor da modificación da ordenanza fiscal, atendendo ao disposto no artigo 17.4 do TRLRFL, producirase coa publicación no BOP do acordo de aprobación co texto íntegro da modificación.

Contra o acordo de aprobación definitiva, as persoas interesadas poderán interpor, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

O secretario municipal

Carlos López Quintáns

De conformidade co artigo 3.2 j) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional

(Documento asinado electronicamente)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:CINZO2ZCVABB74AT